# Publicación nos blogues

Publicar nun blogue é unha tarefa doada pero que ten que estar suxeita a unas pequenas normas. Se todos/as as seguimos os nosos blogues funcionarán moito mellor.




1º Eleximos a Entrada de Blogue á que queremos acceder e cliqueamos en "comentarios"

2º Agora temos acceso a tódolos comentarios do blogue.

Podemos deixar un tema inicial para que outros opinen cliqueando en "Engadir novo comentario"

Se o que queremos é simplemente responder a un comentario xa creado o que temos que facer e cliquear en "responder" dentro dese comentario.

É de gran importancia ler ben os blogues. Debemos evitar colgar comentarios novos sobre temas que xa estaban repetidos.

**Normas éticas sobre o contido publicado nos blogues:**

1. *Os comentarios deben ser respetuosos . Non deben conter insultos nin expresións ou xiros que inciten á polémica.*
2. *Evitaranse comentarios de carácter persoal sobre outras persoas que poidan supor unha violación do dereito á intimidade ou honor das mesmas.*
3. *Non se poden publicar imaxes persoais de ningún membro do blogue ou terceira persoa.*
4. *Non se poden plaxiar ou reproducir fragmentos de artigos doutras persoas xa que isto pode violar a propiedade intelectual dos mesmos.*
5. *Prohibese o emprego do blogue como medio para verquer contido publicitario de calquera entidade ou empresa.*
6. *Non se admiten contidos racistas, xenófobos ou doutro tipo que poidan atentar contra os dereitos das persoas.*
7. *Con carácter xeral, esta Institución reservase o dereito a manter a súa honorabilidade e imaxe a través do blogue.*
8. *O administrador do blogue reservase o dereito a "non publicación" ou "eliminación de calqueira comentario que non se ateña a estas normas.*